



Expediente nº 149/2025

Procedemento: Selección de persoal. Aprol Rural 2025

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 2 PEÓNS
FORESTAIS. APROL RURAL 2025**

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de As Nogais o 9 de xuño de 2025 ás 09:45 horas, os integrantes do Tribunal calificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección e contratación laboral temporal de dous peóna forestaia ao abeiro da resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, e que está integrado por:

Cargo	Identidade
Presidente	Ana Belén Alba González
Secretaria	Sandra Díaz Álvarez
Vogal	Julio López Veiga

ACORDAN

Primeiro.- Constituír o Tribunal de Selección como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas de selección de un peón forestal por concurso-oposición.

Segundo.- Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e como órgano colexiado administrativo ao artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- A pertenza a este órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación por conta de ninguén.

Cuarto.- Se se considera necesario, poderán disporse a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, de acordo co previsto na convocatoria. Devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Quinto.- Os membros da comisión permanente de selección de persoal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusalos cando conorra algunha das devanditas circunstancias.





Dáse por terminada a reunión ás 09:50 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a presente acta e dou fe.

O TRIBUNAL

Asdo. Ana Belén Alba González

Asdo. Julio López Veiga

Asdo. Sandra Díaz Álvarez

